

ACTA DO TRIBUNAL DESIGNADO PARA XULGAR AS PROBAS DE SELECCIÓN DUN ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA DENTRO DO PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO- EXP. TR351G-2026-00000017-02)

Ás 11:00 horas do día 5 de xuño de 2026 reúnese o tribunal nomeado para a selección dun Enxeñeiro Técnico Agrícola do programa citado. O tribunal está formado polos seguintes membros:

Presidente: BELÉN LÓPEZ LÓPEZ

Secretario: MARCO A. GARCÍA-GABILÁN SANGIL

Vogais: DANIEL VÁZQUEZ PRADO

CARLOS ESCUDERO ROLDOS

MARTA JACOB TRASHORRAS


Por Resolución do 22 de abril de 2026 concedeuse a este Concello unha axuda para a contratación, entre outros, dun Enxeñeiro Técnico Agrícola ao abeiro da Orde do 22 de xaneiro de 2026, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO.

Conforme ao indicado na citada orde, formulouse unha oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia para que remitise os candidatos dispoñibles para cubrir o devandito posto, xunto cos seus curriculum vitae. Á citada oferta de emprego remitiuse un anexo explicativo das probas de selección a realizar e o temario sobre o cal versarían as citadas probas, fixando como data de celebración das mesmas o día 5 de xuño ás 11:30 horas neste lugar.

A Oficina de Emprego Lugo-Sur remitiu unha relación cos seguintes 2 candidatos/as:

- GUIMAREY VÁZQUEZ, MARCOS
- REGUEIRO GARCÍA, MARÍA INMACULADA

O Tribunal reúnese co obxecto de confeccionar a proba a realizar de seguido, primeiro exercicio, consistente en contestar por escrito, durante un prazo de 45



minutos a varias preguntas curtas sobre o temario do Anexo II , e formula un exame con preguntas curtas sobre uns supostos planteados.

De seguido, ás 11:30 horas, procédese ao chamamento dos candidatos remitidos polo Servizo Público de Emprego.

Comparecen ámbolos dous candidatos.

De seguido entrégase aos candidatos a proba, que será realizada de forma anónima, identificándose os candidatos unicamente cun número, non coñecéndose a súa identidade ata a finalización do proceso.

Ningún dos dous candidatos ten que realizar o segundo exercicio, de galego, por ter acreditado o nivel CELGA 3 ou equivalente.

A continuación o Tribunal procede á corrección das probas realizadas, segundo os criterios establecidos no Anexo á oferta de emprego remitido ao Servizo Público de Emprego, que son os seguintes:


- Demuestra que coñece o temario das bases e as funcións e cometidos do posto de traballo.
- Usa a terminoloxía correcta.
- Razoa a solución dunha maneira coherente.
- Ten claridade expositiva e de ideas e corrección ortográfica

A cualificación de cada membro do tribunal será a suma das puntuacións que outorgue a cada un dos indicadores fixados, consonte aos seguintes intervalos:

A	B	C	D
0-5	0-2	0-1,5	0-1,5

Resultan as seguintes puntuacións:

Nº de candidato	A 0-5	B 0-2	C 0-1,5	D 0-1,5	TOTAL
17	5	1,5	1	1	8,5
23	0	0	0	0	0





Sendo 5 puntos a puntuación mínima para superar esta proba, resulta que supera a mesma o candidato/s identificado co número 17.

De seguido ábrense os sobres dos candidatos para coñecer a súa identidade, resultando as seguintes correspondencias:

Nº DE CANDIDATO	NOME E APELIDOS	PUNTUACIÓN
17	MARCOS GUIMAREY VÁZQUEZ	8,5
23	M ^a INMACULADA REGUEIRO GARCÍA	0

En consecuencia, o Tribunal eleva proposta de contratación temporal na modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, tal e como establece a orde da convocatoria, a favor do candidato que obtivo a maior puntuación, é dicir, MARCOS GUIMAREY VÁZQUEZ, non quedando ningún candidato na bolsa de emprego para posibles contratacións derivadas deste procedemento.

Para a debida constancia, asinan tódolos presentes.

